

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO  
DEMOGRÁFICO**

**SECRETARÍA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE**

**Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental**

**Asunto: Alegacións ao Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra polo que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización administrativa previa do parque eólico Rebordechao, de 154 MW, situado nos termos municipais de Laza, Vilar de Barrio e Maceda (Ourense), e a súa infraestrutura de evacuación, situada nos termos municipais de Maceda, Montederramo, Xunqueira de Espadanedo e Nogueira de Ramuín (Ourense), con actuacións para accesos nos termos municipais de Cualedro, Monterrei, Verín, Castrelo do Val e Laza (Ourense). BOP Ourense nº. 183, de 11 de agosto de 2021. Código do proxecto: PEol-402.**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Número  
\_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_,  
provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista do Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra polo que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización administrativa previa do parque eólico Rebordechao, de 154 MW, situado nos termos municipais de Laza, Vilar de Barrio e Maceda (Ourense), e a súa infraestrutura de evacuación, situada nos termos municipais de Maceda, Montederramo, Xunqueira de Espadanedo e Nogueira de Ramuín (Ourense), con actuacións para accesos nos termos municipais de Cualedro, Monterrei, Verín,

Castrelo do Val e Laza (Ourense). BOP Ourense nº. 183, de 11 de agosto de 2021.  
Código do proxecto: PEol-402, por medio do presente escrito realiza as seguintes

## **ALEGACIONES:**

### **1. Sobre o desenvolvemento anárquico e a marxe de avaliación ambiental estratéxica do sector eólico en Galiza.**

A Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, recolle no seu artigo 53, que as autorizacións de parques eólicos de potencia superior aos 50 MW son competencia da Administración Xeral do Estado. No seu apartado 6, concretamente, contén a seguinte previsión normativa:

***“6. Os procedementos administrativos de autorización terán carácter regulado e respectarán os principios de obxectividade, proporcionalidade, transparencia, igualdade e non discriminación (...)”.***

Ben se pode soste que a tramitación do parque eólico Rebordecho constitúe un claro exemplo de NON respectar o carácter regulado e o principio de proporcionalidade previsto na norma citada. Tal conclusión, lonxe de manifestarse sen fundamento, aséntase nas seguintes consideracións:

- a) Nestes momentos a Administración Xeral do Estado ten en diferentes fases de tramitación administrativa mais de 2.500 MW, unha capacidade eólica á marxe das previsións e do “carácter regulado” da Planificación Eólica de Galiza, recollida na Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Neste caso do PE de Rebordecho, o mesmo insírese nun proxecto de 3 parques, fragmentado artificialmente, ao que nos referiremos máis adiante.

Semellante volume de proxectos en trámite implica un uso abusivo e irresponsable das competencias da Administración Xeral do Estado para o desenvolvemento de instalacións de xeración superiores a 50 MW, toda vez que tal expansión eólica modifica substancialmente a planificación eólica vixente na Galiza, e no seu conxunto pouco ten que ver cunha planificación eólica ordenada e que sexa coherente co deseño eólico considerado na Lei galega 8/2009.

- b) Dende a perspectiva da incidencia ambiental deste proxecto en tramitación por parte da Administración Xeral do Estado, e en xeral de todos os

proxectos en tramitación na Comunidade Autónoma de Galiza, cómpre considerar que a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, recolle no seu artigo 53, apartado 7, a seguinte previsión normativa:

***“A Administración Pública competente unicamente poderá denegar a autorización cando non se cumpran os requisitos previstos na normativa aplicable ou cando teña unha incidencia negativa no funcionamento do sistema”.***

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu preámbulo que a avaliación ambiental resulta indispensable para a protección do medio ambiente. Facilita a incorporación dos criterios de sostibilidade na toma de decisións estratéxicas, a través da avaliación dos plans e programas. E a través da avaliación de proxectos, garántese unha adecuada prevención dos impactos ambientais concretos que poidan xerar, o tempo que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación.

Pola súa banda, a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu artigo 6, sobre o “ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica”, a seguinte previsión normativa:

***“1. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña exixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma, cando:***

- a) Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e se refiran á agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minería, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo terrestre, utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural, ou do uso do solo (...).”***

Partindo da base das disposicións citadas, entendemos que a falta de sometemento a unha avaliación ambiental estratéxica de todo o conxunto do desenvolvemento eólico galego (o recollido na Planificación Eólica de Galiza dependente da Administración Autonómica, e o que se desenvolve

de modo independente a través da Administración Xeral do Estado), implica non só que non se cumpran os requisitos previstos na normativa interna aplicable, senón tamén os que se derivan das seguintes normas do dereito da Unión Europea:

- Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de decembro de 2011, relativa a avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. (DOUE L 26 /1 de 28.01.2012)
- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire a participación do público ó acceso a xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do Consello.
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001 relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (DOCE nº L 197/30, 21-07-01)

Esta escandalosa falta de avaliación ambiental estratéxica da planificación eólica en Galiza, á súa vez, deriva “nunha incidencia negativa no funcionamento do sistema” e en “inseguridade xurídica”. A este respecto, o artigo 53.7 da Lei sector eléctrico, reza como segue:

***“A) O sistema (referido a produción eólica planificada nun territorio) hai que entendelo coma un todo non fragmentado en partes sometidas a avaliacións ambientais independentes”.***

Fronte a este deber ser, os feitos son que, en definitiva, a actual expansión eólica, suma da parte que promove a Administración Xeral do Estado e a que desenvolve a Administración Autonómica ( a través do Decreto 302/2001), nin no seu conxunto, nin por separado, se ten sometido a dito proceso de avaliación coma Plan conxunto, conforme o disposto no artigo 6 da Lei 21/2013.

En fin, a falta de avaliación ambiental da planificación eólica en Galiza, alén diso e alén de equiparar a esta Comunidade Autónoma ao terceiro mundo en termos de sostibilidade e conservación da natureza, vai en contra da previsión de seguridade xurídica prevista na Lei 21/2013. Esa norma, no seu preámbulo, sinala que “asimesmo, esta lei incrementa a seguridade xurídica dos promotores.

O establecemento duns principios aos que debe someterse a avaliación ambiental e o chamamento á cooperación no marco da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente determinará o desenvolvemento dunha lexislación homoxénea en todo o territorio nacional, que permitirá aos promotores coñecer de antemán cales serán as exixencias legais de carácter medioambiental requiridas para a tramitación dun plan, un programa ou un proxecto, con independencia do lugar onde pretenda desenvolverse”.

## **2. Fragmentación artificiosa de infraestruturas correspondentes ao mesmo proxecto industrial:**

- O parque eólico “Rebordechao”, xunto cos denominados “Barjas” e “Prada”, promovidos pola empresa pública norueguesa Statkraft, son en realidade un único proxecto industrial. Se ben a execución deste pode realizarse por fases, a avaliación ambiental dos seus impactos debería permitir á cidadanía unha valoración conxunta, global, sinérxica e sumativa destes, en todas as fases de execución e durante o funcionamento do parque.

Indica a promotora en relación as infraestruturas compartidas: *“Estas opcións están aínda en fase de análise, e a súa viabilidade dependerá de que se materialicen os diferentes proxectos involucrados”*. Entendemos que non se pode supeditar a participación pública na avaliación ambiental da totalidade das infraestruturas do proxecto industrial a que se materialice no resto dos proxectos industriais cos que comparte infraestruturas.

- As infraestruturas de evacuación compartidas do PE “Rebordechao” co PE “Barjas”, cuxo titular é a sociedade Desarrollos Renovables Iberia Delta, S.L., pertencente tamén ao grupo Statkraft, é a conexión mediante infraestruturas de evacuación con instalacións doutros promotores eólicos na zona (subestación colectora a un 5 km da Subestación Trives 220 kV, desde a cal conectaríanse todas as instalacións mediante unha liña de 220 kV), polo que deberían estar incluídas para a súa consulta pública e avaliación global no documento de inicio.
- A participación do público na toma de decisións en materia do medio ambiente, e en particular, na avaliación ambiental dos proxectos industriais está recollida no Convenio de Aarhus, no artigo 45 da Constitución española e na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en

materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE). Substraer da participación pública e por tanto da avaliación por parte desta de determinadas infraestruturas, polo mero feito de ser compartidas con outras empresas (por certo, filiais da mesma matriz, isto é o grupo Statkraft), é unha violación severa do espírito de Aarhus e dos dereitos fundamentais inalienables do ser humano, xa que está a impedir e obstaculizar a avaliación global, sumativa e sinérxica dos impactos ambientais do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial.

- A actividade de produción de enerxía eléctrica non pode ser allea a formulacións ambientais de forma tal que a auga dos nosos ríos, a forza do vento ou a calor proveniente do sol, son fontes limpas e inesgotables de produción de enerxía eléctrica que por iso son fomentadas polos estamentos públicos. Precisamente para conseguir eses obxectivos a avaliación ambiental dos proxectos industriais non pode ser burlada mediante a división ou fragmentación artificiosa destes para eludir a finalidade prevista na normativa que a regula.

### **3. Consideración xeral sobre o carácter estritamente mercantil do proxecto do PE Rebordecho, a súa escasa ou nula incidencia positiva na loita contra o cambio climático e as externalidades negativas derivadas da súa execución.**

O proxecto obxecto das presentes alegacións, tal e como se atopa exposto, configúrase como un proxecto industrial de grandes dimensións, orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración de enerxía. Tal proxecto non se basea nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e produción en proximidade.

Non cabe, xa que logo, considerar que o proxecto de referencia é unha contribución positiva para a loita contra o cambio climático. Opostamente, supón unha perda significativa de superficie natural e unha grave deterioración dos valores ambientais e servizos ecosistémicos, de tal maneira que os posibles beneficios da implantación da enerxía eólica quedan invalidados polas afeccións globais aos sistemas naturais, causada pola inxente demanda de materiais para a súa construción, ocupación do terreo, aumento de viais e accesibilidade a zonas sensibles, mortalidade e perda de hábitat para as especies e aparición de efectos ecolóxicos negativos en cascada. A todo o cal debe engadirse o incremento de risco que se derivará en materia de incendios forestais, dadas as

dificultades que para a súa extinción se xerarán pola dimensión física dos aeroxeradores a empregar .

**4. Sobre a colisión frontal do proxecto do PE Rebordecho cos obxectivos da Estratexia da UE sobre a biodiversidade.**

Na Comunicación da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre a estratexia da UE sobre a biodiversidade de aquí a 2030 (Bruxelas, 20.05.2020, COM(2020) 380 final) pódese ler o seguinte:

***“Investir na protección e recuperación da natureza será tamén fundamental para a recuperación económica de Europa tras a crise da COVID-19. Cando a economía volva poñerse en marcha, é fundamental non retroceder e evitar quedar atrapados en vellos hábitos prexudiciais. O Pacto Verde Europeo —a estratexia de crecemento da UE— serviranos de compás na recuperación e garantirá que a economía estea ao servizo das persoas e a sociedade e devolva á natureza máis do que lle quita. A protección da biodiversidade está totalmente xustificada desde o punto de vista económico. A industria e as empresas dependen de xenes, especies e servizos ecosistémicos como insumo crítico para a produción, en particular de medicamentos. Máis da metade do PIB mundial depende da natureza e dos servizos que esta presta, e tres dos sectores económicos máis importantes, a saber, a construción, a agricultura e os alimentos e bebidas, son fortemente dependentes dela. Para que, de aquí a 2030, se vaia recuperando a biodiversidade, debemos reforzar as medidas de protección e recuperación da natureza. Isto debe facerse mellorando e ampliando a nosa rede de espazos protexidos e desenvolvendo un ambicioso Plan de Recuperación da Natureza da UE.***

***Polo ben do noso medio ambiente e da nosa economía, e para apoiar a recuperación da UE tras a crise da COVID-19, temos que protexer a natureza con máis empeño. Neste sentido, na UE deben estar protexidos polo menos o 30 % da superficie terrestre e o 30 % da mariña. Isto representa unha superficie adicional respecto a actual de polo menos un 4 % de espazos terrestres protexidos e un 19 % de espazos mariños. O obxectivo axústase plenamente ao que se está propoñendo no marco mundial para a diversidade biolóxica despois de 2020.***

***Neste contexto, debe prestarse unha atención especial aos espazos que teñan un altísimo valor ou potencial en canto a biodiversidade, xa que son os máis vulnerables ao cambio climático e requiren coidados particulares en forma de protección estrita. Na actualidade, só o 3 % dos espazos terrestres e menos do 1 % dos mariños gozan dunha figura de protección estrita na UE. Temos que facer máis e mellor por protexer eses espazos. Neste sentido, debe protexerse estritamente polo menos unha terceira parte dos espazos protexidos, o que representa un 10 % da superficie terrestre da UE e un 10 % da mariña. Isto tamén está en consonancia co que se propuxo como ambición mundial.***

***Parece evidente que a desordenada proliferación de proxectos eólicos e fotovoltaicos que se está observando ao longo de todo o territorio español, está a poñer en xaque calquera obxectivo de conservación da biodiversidade xa que, tal e como recoñece o propio PNIEC, a implantación das enerxías renovables, debido aos seus especiais requirimentos de ocupación do territorio representa “unha das transformacións cuantitativamente máis relevantes que introduce o PNIEC en materia de xeración eléctrica”.***

É por iso, que proxectos como o do parque eólico que se somete a información pública, resultan especialmente lesivos, tanto pola profunda transformación que implica para áreas de alto valor ecolóxico, como por significar un obstáculo de primeira orde para tentar lograr uns obxectivos de conservación coherentes coa estratexia de biodiversidade da UE.

En canto ás afeccións medioambientais do proxecto sometido ao presente trámite de información pública, cómpre salientar os seguintes aspectos:

- **Afección severa a hábitats prioritarios e de interese comunitario da Rede Natura 2000:**

Tres zonas de especial conservación resultan afectadas por este proxecto.

- ZEC Macizo Central (COD. ES1130002)
- ZEC Río Támega (COD. ES1130005)
- ZEC Bidueiral de Montederramo (COD. ES1130003)

E polo que atinxe aos diversos hábitats protexidos pola Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, tanto prioritarios como de interese comunitario, resultan



afectados os seguintes hábitats: 4020\*, 4030, 4090, 6230\*, 6430, 6510, 8220, 8230, 91E0, 9230, 9260.

- **Vulneración normativa:**
  - **Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.**

#### **Artigo 46. Medidas de conservación da Rede Natura 2000**

- 1) Respecto das ZEC e as ZEPA, a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, fixarán as medidas de conservación necesarias, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais e das especies presentes en tales áreas, que implicarán:
  - a) Adecuados plans ou instrumentos de xestión, específicos dos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento que inclúan, polo menos, os obxectivos de conservación do lugar e as medidas apropiadas para manter os espazos nun estado de conservación favorable. Estes plans deberán ter en especial consideración as necesidades daqueles municipios incluídos na súa totalidade ou nunha gran porcentaxe do seu territorio nestes lugares, ou con limitacións singulares específicas ligadas á xestión do lugar.
  - b) Apropriadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais.
- 2) Igualmente, as Administracións competentes tomarán as medidas apropiadas, en especial nos devanditos plans ou instrumentos de xestión, para evitar nos espazos da Rede Natura 2000 a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats das especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación destas áreas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente lei.
- 3) Os órganos competentes, no marco dos procedementos previstos na lexislación de avaliación ambiental, deberán

adoptar as medidas necesarias para evitar a deterioración, a contaminación e a fragmentación dos hábitats e as perturbacións que afecten as especies fóra da Rede Natura 2000, na medida que estes fenómenos teñan un efecto significativo sobre o estado de conservación dos devanditos hábitats e especies.

- 4) Calquera plan, programa ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos citados espazos, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, que se realizará de acordo coas normas que sexan de aplicación, de acordo co establecido na lexislación básica estatal e nas normas adicionais de protección ditadas polas comunidades autónomas, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito espazo. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no espazo e supeditado ao disposto no apartado 5, os órganos competentes para aprobar ou autorizar os plans, programas ou proxectos só poderán manifestar a súa conformidade cos mesmos tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do espazo en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública. Os criterios para a determinación da existencia de prexuízo á integridade do espazo serán fixados mediante orde do Ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, oída a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.
- 5) Se, a pesar das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, debe realizarse un plan, programa ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, as Administracións públicas competentes tomarán cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global de Natura 2000 quede protexida.

A concorrencia de razóns imperiosas de interese público de primeira orde só poderá declararse para cada suposto concreto:

- a) Mediante unha lei.
- b) Mediante acordo do Consello de Ministros, cando se trate de plans, programas ou proxectos que deban ser aprobados ou autorizados pola Administración Xeral do Estado, ou do órgano de Goberno da comunidade autónoma. Devandito acordo deberá ser motivado e público.

A adopción das medidas compensatorias levará a cabo, no seu caso, durante o procedemento de avaliación ambiental de plans e programas e de avaliación de impacto ambiental de proxectos, de acordo co disposto na normativa aplicable. Ditas medidas aplicaranse na fase de planificación e execución que determine a avaliación ambiental.

As medidas compensatorias adoptadas serán remitidas, polo leito correspondente, á Comisión Europea.

- 6) No caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/ou unha especie prioritaria, sinalados como tales nos anexos I e II, unicamente poderanse alegar as seguintes consideracións:
  - a) As relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública.
  - b) As relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente.
  - c) Outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, previa consulta á Comisión Europea.
- 7) A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos correspondintes que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción, unicamente poderase levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde. A

xustificación do plan, programa ou proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levará a cabo conforme ao previsto no apartado 5, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

- 8) Desde o momento en que o lugar figure na lista de LIC aprobada pola Comisión Europea, este quedará sometido ao disposto nos apartados 4, 5 e 6 deste artigo.
- 9) Desde o momento da declaración dunha ZEPA, esta quedará sometida ao disposto nos apartados 4 e 5 deste artigo.

- **LEI 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.**

#### **Artigo 27. Paisaxe protexida**

- 1) As paisaxes protexidas son espazos que, polos seus valores naturais, estéticos e culturais e de acordo co Convenio da paisaxe do Consello de Europa, sexan merecedores dunha protección especial.
- 2) Nas paisaxes protexidas procurarase o mantemento das prácticas tradicionais que contribúan á preservación dos seus valores e recursos naturais e mais á conservación das relacións e dos procesos, tanto naturais coma socioeconómicos, que contribuíron á súa formación e fan posible o seu mantemento.

- **Afección severa a Zonas protexidas de auga potable ( ZPAP) lineais e poligonais:**

Río Tioira, Río Arnoia II, Conca baixa do Miño, Conca do Sil, Xinzo de Limia, Encoro de Leboreiro, Río Arnoia I, Río da Lagoa de Antela

- **Afección severa e prexuízos irreparables para os seguintes espazos protexidos:**

- IBA A Limia, moi afectada polo aeroxerador R-05

- ZEC Macizo Central moi afectada polo Aeroxerador R-12
- ZEC Río Támega moi afectada polo Aeroxerador R-28 e sobreanchos do vial de acceso asfaltado ao parque
- ZEC Bidueiral de Montederramo moi afectado polo Aeroxerador R-05. Trazado da gabia proxectada entre os aerogeradores R-08 e R-12, no termo municipal de Montederramo
- ZEPA A Limia moi afectada polo Aeroxerador R- 05
- RNF Río Navea I moi afectada polo Aeroxerador R-12
- RNF Rego dá Ribeira Grande moi afectada polo Aeroxerador R-14
- ZPAP Río Tioria moi afectado polas instalacións do parque
- ZPAP Río Arnoia II moi afectado polas instalacións do parque
- ZPAP Río da Lagoa de Antela moi afectado polas instalacións do parque
- ZPAP Conca baixa do Miño moi afectada por parte da infraestrutura de evacuación eléctrica, gabias e viarias, así como as posicións dos aerogeradores do R-01 ao R-13, R-15 e R-18 dentro do límite administrativo
- ZPAP Conca do Sil Parte da infraestrutura de evacuación eléctrica, viarias e gabia, así como a plataforma do aerogerador R-13 dentro do límite administrativo
- ZPAP (varias) afectadas polo Aeroxerador R-28 a 642 m
- Parque Natural O Invernadeiro moi afectado polo Aeroxerador R-21
- ZEPV Macizo Central moi afectada polo Aeroxerador R-12 a máis de 380 m do límite administrativo
- ZEPV Bidueiral de Montederramo moi afectada polo Aeroxerador R-07 a 338 m do límite administrativo. Gabia proxectada entre os aerogeradores R-08 e R-12 incluída dentro do límite administrativo. A afección é permanente e por tanto irreversible
- ZEPV Río Támega moi afectada polo Aeroxerador R-28. Vial existente de acceso ao parque eólico e sobreanchos proxectados dentro do límite administrativo

- ZEPV A Limia moi afectada polo Aeroxerador R-05

- **Macizo Central**

**Código ZEC**

ES1130002

**Rexión**

Atlántica e Mediterránea.

**Data declaración LIC**

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

21 de setembro de 2006. Decisión da Comisión do 19 de xullo de 2006 poa que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica mediterránea

**Data declaración ZEC**

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2014, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

**Instrumentos de planificación**

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014 [↗](#)

**Concellos**

Bolo, Chandrexa de Queixa, Laza, Manzaneda, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Quiroga, Larouco e Montederramo.

**Superficie**

46.986 Ha.

**Outras figuras de protección**

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, “Macizo Central” de 46.829 ha

- Parque natural “O Invernadeiro” de 5.722 ha.
- Monumento natural “Souto de Rozavales” de 1,80 ha.

### Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de Littorelletea uniflorae e/ou Isoeto-Nanojuncetea
3160	Lagos e estanques distróficos naturais
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de Ranunculion fluitantis e de Callitriche-Batrachion
4020	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de Erica ciliaris e Erica tetralix
4030	Queirogais secos europeos
4060	Queirogais alpinos e boreais
4090	Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos
5230	Matogueiras arborescentes de Laurus nobilis
6160	Prados ibéricos silíceos de Festuca indigesta
6220	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do Thero-Brachypodietea
6230	Formacións herbosas con Nardus, con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos(Molinion caeruleae)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (Alopecurus pratensis, Sanguisorba officinalis)
6520	Prados de sega de montaña
7110	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do Rhynchosporion
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii
8310	Covas non explotadas polo turismo

9180	Bosques de encostas, desprendimentos ou barrancos do Tilio-Acerion
91E0	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (Alno-Padion, <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9260	Soutos
92A0	Bosques galería de <i>Salix alba</i> e <i>Populus alba</i>
9330	Sobreirais
9340	Aciñeirais
9380	Acevedos

### Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Festuca elegans</i>	<i>Geomalacus maculosus</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
<i>Festuca summilusitana</i>	<i>Lucanus cervus</i>	<i>Rutilus arcasii</i>
<i>Narcissus asturiensis</i>		
<i>Narcissus pseudonarcissus ssp. nobilis</i>		
<i>Veronica micrantha</i>		

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Barbastella barbastellus</i>
<i>Lacerta monticola</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Lutra lutra</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

- **Río Támega**

#### **Código ZEC**

ES1130005

#### **Rexión**

Atlántica e Mediterránea



### Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

21 de setembro de 2006. Decisión da Comisión do 19 de xullo de 2006 poa que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica mediterránea

### Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

### Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

### Concellos

Verín, Castrelo do Val, Laza e Oímbra.

### Superficie

630 ha.

### Situación

No sueste galego, dentro do denominado val de Monterrei e lindante coa fronteira portuguesa. Abarca a totalidade do curso do río Támea dentro de Galicia. Localidades de referencia: aquelas próximas ao río nos concellos de Laza, Castrelo do Val, Verín, Monterrei e Oímbra.

### Outras figuras de protección

Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Río Támea", de 630 ha.

### Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
3270	Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de <i>Chenopodion</i>

	<i>rubri</i> p.p. e de <i>Bidention</i> p.p.
4020	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
6220	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos( <i>Molinion caeruleae</i> )
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude ( <i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i> )
91E0	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )

### Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Drepanocladus vernicosus</i>	<i>Cerambyx cerdo</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
<i>Narcissus asturiensis</i>	<i>Geomalacus maculosus</i>	
	<i>Lucanus cervus</i>	
	<i>Oxygastra curtisii</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Miniopterus schreibersii</i>
	<i>Myotis myotis</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

- **Bidueiral de Montederramo**

#### Código do ZEC

ES1130003

#### Rexión

Atlántica

**Data declaración LIC**

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

**Data declaración ZEC**

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia.

**Instrumentos de planificación**

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014.

**Superficie**

1.984 ha.

**Concellos**

Montederramo e Vilar de Barrio.

**Situación**

Na zona oeste do Macizo Central ourensán, preto do nacemento dos ríos Arnoia, Limia e Támeiga. Localidades de referencia: Verducedo, Gabín e Montederramo (Montederramo) e Rebordechao (Vilar de Barrio). Comarcas de Terra de Caldelas e de A Limia, provincia de Ourense.

**Outras figuras de protección**

Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. "Bidueiral de Montederramo", de 1.984 ha.

**Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE**

Código	Denominación
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
4060	Queirogais alpinos e boreais
6160	Prados ibéricos silíceos de <i>Festuca indigesta</i>
6220	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6230	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> , con numerosas especies,

	sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos ( <i>Molinion caeruleae</i> )
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6520	Prados de sega de montaña
7110	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
91E0	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9380	Acevedos

### Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Narcissus asturiensis</i>	<i>Cerambyx cerdo</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
	<i>Geomalacus maculosus</i>	<i>Rutilus arcasii</i>
	<i>Lucanus cervus</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Lacerta monticola</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Lutra lutra</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

- **Baixa Limia**

**Código do ZEC**

ES1130001

### **Rexión**

Atlántica e Mediterránea.

### **Data declaración LIC**

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004 [↗](#), pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

21 de setembro de 2006. Decisión da Comisión do 19 de xullo de 2006 [↗](#) poa que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica mediterránea

### **Data declaración ZEC**

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014 [↗](#), do 27 de marzo de 2014, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

### **Instrumentos de planificación**

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014 [↗](#).

### **Superficie**

33.921 ha.

### **Concellos**

Padrenda, Quintela de Leirado, Vereas, Bande, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muíños, Calvos de Randín

### **Situación**

No extremo sudoccidental da provincia de Ourense, facendo fronteira con Portugal. As localidades de referencia son Leirado, Bande, A Vila (Lobeira), Muíños, Lobios e Calvos.

### **Outras figuras de protección**

- **Da Rede Natura 2000:**  
Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) "Baixa Limia-Serra do Xurés" de 31.287 ha.

- **Da Rede Galega de Espazos Protexidos:**  
Parque Natural “Baixa Limia-Serra do Xurés”, cunha superficie de 29.345 ha.  
  
Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais “Baixa Limia” de 33.920 e “Baixa Limia-Serra do Xurés” de 31.287 ha.
- **Outras figuras:**  
Reserva da Biosfera “Transfronteiriza Gêres-Xurés”  
  
A área forma unha unidade coa ZEPA PT002 (62.922 ha) e Parque Nacional Peneda-Gerês (70.290 ha), en Portugal.

- **Impactos paisaxísticos severos:**

O PE Rebordecho localízase formando parte de dúas Grandes Área Paisaxísticas (GAP) de Galiza, atendendo ao establecido na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, o Decreto 96/2020, de 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galiza, e o Decreto 238/2020, de 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galiza:

- A GAP II, Serras Surorientais, e dentro desta na comarca paisaxística Terras de Trives. Son terras de elevada altitude media, próxima aos 1.000 m, que acollen os montes de maior envergadura e altitude de Galiza. O límite occidental queda marcado nun percorrido de norte a sur polo Fial das Corzas, ao nordeste de Laza, e polos Montes do Invernadoiro ou as elevacións avanzadas das serras de Queixa e San Mamede, que delimitan o perímetro das terras baixas de Laza),.
- E a Grande Área Paisaxística IV: Chairas, Fosas e Serras Ourenás dentro das comarcas paisaxísticas do Alto Arnoia e Verín. Existe unha gran variedade de relevos nas diferentes comarcas nas que se subdivide, dende a depresión de orientación noroeste do Baixo e Alto Arnoia, ao relevo accidentado enmarcando o curso da Baixa Limia fronte a extensa chaira da Alta Limia e o afundimento do sector de Verín, de orientación sur, encaixado entre os contrafortes do Macizo Central ourensán.

## 5. Impactos severos sobre o medio hídrico

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Douro diferencia na parte española 67 masas de augas subterráneas, estando incluída na zona a parte da masa de auga ES020 Vildardervós – Laza

- ES010MSBT011-003 Conca do Sil
- ES010MSBT011-002 Conca Baixa do Miño
- ES020MSBT000400023 Vildardervós - Laza

Na contorna do parque localízanse ademais dúas Reservas naturais fluviais:

Río Navea e Rego dá Ribeira Grande. E tanto na envolvente de 5 km como na de 10 km do conxunto de instalacións localízanse as seguintes zonas protexidas de auga potable (ZPAP): Conca baixa do Miño, Conca do Sil, Xinzo de Limia, Encoro de Leboreiro, Laza, Verín, Río Tioira, Río Arnoia I, Río da Lagoa de Antela, Río Limia I en Alta Limia, Río Arnoia II, Río Tioira.

- **Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA).**

#### **AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:**

As instalacións eólicas sitúanse sobre as nascencias dos ríos que dan lugar aos vales fluviais que se estenden ao longo da serra e dos cumios. Así na ladeira do Outeiro Preñado nacen os regos que dan lugar ao Regueiro de Pico seta e ao seu val fluvial. Pola ladeira inversa configúrase o val fluvial do Corgo do Campo Colado. Nas ladeiras do Penedo da Lebre da serra de San Mamede nacen o Corgo do Bosteiro, o río da Lagoa e o Corgo das Canadas.

Pero a riqueza hídrica ten a súa orixe tamen nos cumios do Penedo Negro, Penedo das Mozas, Monte do Penedo Negro e o Penedo das Afeitadas, preto da capela de San Mamede, que dan lugar a unha rede de regatos que conflúen nun gran val fluvial regado polo Corgo das Canadas e o regato do Valdollo. O Penedo das Canadas ábrese ao val fluvial das Gorbias regado por multitude de regos innominados e destacando a Corga de Valdemiolos.

O monte dos Gaviás ábrese a outros vales fluviais regados polo río Tioira, o río da Lagoa e outros regos innominados.

A afección é significativa e severa para os seguintes cauces:

<b>Id. Río</b>	<b>Denominación</b>	<b>Id. Río</b>	<b>Denominación</b>
25665	Río Tioira	27874	Regato De Groil
20099	Río Pequeno	20502	Regato De Cellos
25730	Río Mao	25666	Regato Da Teixeira
25700	Río De Santiago	25599	Regato Da Pala Do Oso
26948	Río De Queixa	25672	Regato Da Forxa Do Castelo
26953	Río De Groíses	21120	Corgo Figueiro
20222	Río De Cabrós	26942	Corgo Dos Bois
20221	Río De Cabrociños	20168	Corgo Do Folgheiro Ou Das Bouzas
26941	Río Das Casas	25664	Corgo Do Campo Do Colado
20076	Río Da Lagoa	20161	Corgo Do Bosteiro
26949	Río Da Edreira	25748	Corgo Do Barazal
27709	Río Camba	26937	Corgo De Valdemitos
25663	Río Arnoia	25662	Corgo Das Canadas
25591	Regueiro Tixosa	20223	Corgo Das Aguzadeiras
20527	Regueiro Rebordiños	20219	Corgo Da Cerdeiriña
25728	Regueiro Forche	20500	Corga Do Val
25606	Regueiro Dos Bidueiros	21127	Corga Do Marco
25593	Regueiro Do Teixedo	20057	Corga Do Coto
25594	Regueiro Do Sabugal	26938	Corga De Torneiros
25596	Regueiro Do Picuselo O Picoseta	26950	Corga Da Fonte
20528	Regueiro Do Folledo	26939	Corga Da Boqueira
20051	Regueiro Do Arno	25671	Carga De Valdeaguas
25616	Regueiro Do Aguillón	20591	A Corga Das Nubes
25604	Regueiro De Quintela	25612	Regato Paradela
20503	Regueiro De Espadas	26952	Regato Dos Picós
20050	Regueiro De Alemparte	20531	Regato Dos Liñares
25592	Regueiro Da Carcoa	25667	Regato Do Valdollo
20535	Regueiro Da Azoreira	26946	Regato Do Cazcallal
20590	Rego Da Abelleira	25678	Regato De Val De Covas
25598	Regato Pendurado	26951	Regato De Mallarengos



Doutra banda, a liña de evacuación aérea afecta significativamente os seguintes ríos e regos:

<b>Id. Río</b>	<b>Denominación</b>
25747	Río De Miñodaguía
25729	Río Castelo
25728	Regueiro Forche
25717	Regueiro De Cima De Vila O Prior
25667	Regato Do Valdollo
25666	Regato Da Teixeira
25671	Corga De Valdeaguas

Pero hai máis cruzamentos de cauces que os que indica a mercantil promotora como preto de 14 regos innominados e con unha afección significativa e irreversible á vexetación de ribeira. Cómpre ter en conta que a área xeográfica afectada ten unha inmensa riqueza hídrica con moitos vales fluviais e importantes hábitats prioritarios como os hábitats naturais 91D0\* Turbeiras boscosas e 91E0\* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

## **6. Patrimonio cultural afectado**

Todo o Macizo Central ten un rico patrimonio cultural, arqueolóxico e etnográfico, que debido á pouca presión urbanística e ao illamento secular da alta montaña, está moi ben conservado, fosilizado nas mesmas condicións, agás o paso do tempo, que cando se creou pola actividade humana. Pero ao mesmo tempo, e polas mesmas causas, é un patrimonio invisibilizado, moi pouco estudado e case todo sen catalogar oficialmente.

Polo tanto, o impacto de grandes obras, coma os parques eólicos sobre este territorio, é moi negativo, porque se destruírían moitos elementos etnográficos e xacementos arqueolóxicos que aínda están por investigar. Destruíríase a evidencia principal deses elementos arqueolóxicos, o subsolo, que ademais sería unha destrución irreversible para o futuro estudo da serra e da historia de Galicia.

Os eixos principais do patrimonio cultural no Macizo Central, son no eido arqueolóxico, as mámoas, datadas no neolítico, e a abundantísima minería antiga, romana e/ou anterior; e no eido etnográfico-antropológico, a preservación da memoria oral, a riqueza da microtoponimia e os elementos etnográficos construídos, produto do tránsito secular pola serra e a explotación extensiva de gandeiría bovina e caprina: camiños, curros, cabanas e refuxios de pastores, “estantes”, malladas, sesteiras, foxos de lobo, alvarizas...

Cinguíndonos ao espazo que ocuparía o PE Rebordechao, só existen tres xacementos arqueolóxicos catalogados oficialmente na Xunta de Galicia:

- O xacemento medieval en torno á capela de San Mamede, no cumio da serra de San Mamede (Rebordechao-Vilar de Barrio).
- A estación de Arte Rupestre das Pisadiñas, no monte Lastredo de Laza, formada por sete rochas con petróglifos.
- A mina romana de ouro “Regueiro da Boca”, tamén no monte Lastredo de Laza, en torno ao canón da Armada.

Os dous xacementos de Laza estarían directamente afectados pola implantación dos aeroxeradores do PE Rebordechao, con destrución da mina romana de ouro, e unha altísima afección e destrución dos niveis arqueolóxicos do subsolo en torno aos petróglifos e a mina, que se proxectan a poucos metros das rochas con gravados.

Ademais existen na zona outros elementos de arqueoloxía industrial, como son todas as infraestruturas e historias da construción do ferrocarril a principios do S. XX, as historias e evidencias da implantación da guerrilla antifranquista na zona, e moitísimos elementos etnográficos sen catalogar que coñecemos, produto da explotación secular gandeira, en todo o territorio ocupado polo PE Rebordechao. O parque eólico tamén tería un impacto visual e sonoro inasumibles, sobre o rico turismo cultural, cada vez máis en alza: o paso do Camiño de Santiago “Ruta da Prata” por todo o Val de Laza e a celebración anual do valorado e catalogado Entroido de Laza.

- RE32037001 XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32037003 XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC

- GA32037005 XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32037010 XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32037012 XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32037013 XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32037015 XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32039006 LAZA ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32039026 LAZA ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32039034 LAZA ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32039035 LAZA ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32039036 LAZA ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32039037 LAZA ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32039038 LAZA ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32039040 LAZA ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32043010 MACEDA ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- RE32043001 MACEDA ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- GA32057010 PARADA DO SIL ARQUEOLÓXICO PBA, DXPC
- Vía da prata Viaria Cultural
- Capela de San Bieito Arquitectónico PBA
- RE32039018 Laza Arqueolóxico PBA, DXPC

- Petroglifo 01 Montederramo Arqueolóxico inédito
- Petroglifo 02 Xunqueira de Espadañedo Arqueolóxico inédito
- Cruz 01 Xunqueira de Espadañedo etnográfico inédito
- Cruz 02 Xunqueira de Espadañedo etnográfico inédito

## 7. Afección á fauna

- O Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España establece a presenza na zona a estudo de, polo menos, 42 especies de mamíferos, entre os cales destacan a toupa de río (*Galemys pyrenaicus*), e tres especies de morcego, o morcego rateiro grande (*Myotis myotis*), o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*) e o morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposideros*), catalogados como “Vulnerables” no Catálogo galego de especies ameazadas, regulado polo Decreto 88/2007, do 19 de abril. Ningunha destas especies presenta actualmente un Plan de Conservación.
- O Atlas das Aves Reprodutoras de España documenta 104 especies de aves na zona. Destaca a presenza da tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a gatafornela (*Circus cyaneus*), catalogadas como “Vulnerables” no Catálogo galego de especies ameazadas, así como a becacina cabra (*Gallinago gallinago*), categorizada “En perigo de extinción” para as poboacións nidificantes.
- Respecto a especies afectadas por plans de conservación ou recuperación a nivel autonómico, a Xunta de Galiza aprobou por Decreto 70/2013, do 25 de abril, o Plan de Recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis*) en Galicia, a maior parte do parque eólico, parte da liña de evacuación e as actuacións na estrada de acceso inclúese en zonas de presenza potencial desta especie.
- O Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España describe a presenza na zona de estudo de 19 especies de réptiles e 11 especies de anfibios. Destacan a presenza de varias especies catalogadas como “Vulnerables” no Catálogo galego de especies ameazadas. Son o escáncer común (*Anguis fragilis*), a lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*), a cobra

viperina (*Natrix maura*), a cobra de colar (*Natrix Natrix*), a cobra de escada (*Rhinechis scalaris*), dentro dos réptiles, e a ra patilonga (*Rana ibérica*), a ra arborícola europea (*Hyla arborea*), o tritón ibérico (*Lissotriton boscai*), o sapo de esporóns (*Pelobates cultripedes*), e a píntega común (*Píntega píntega*), dentro dos anfibios

- **Prexuízos significativos para o Lobo. Plan de Xestión do Lobo de Galicia.**

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Non se seguen os criterios dos expertos que indican:

*“• Recoméndase que na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido. • É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifíquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.*

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son territoriais, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa. O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo

que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

- Dende fai algún tempo, **un oso pardo** de entre tres e cinco anos deixouse ver no Macizo Central, especie protexida dende o ano 1973 e que nestas montañas sempre tivo unha presenza histórica anque desaparecida dende hai moito tempo.
- Nos últimos anos tamén se aprecia a presenza de exemplares de voitre negro e voitre leonado, así como de agüa real en varias zonas do Macizo Central.

#### **8. Afección significativa e prexuízos irreversibles para a poboación e as familias que viven e residen nos seguintes núcleos afectados:**

- No municipio de Baños de Molgas, as parroquias de Lama Lá e Vide.
- No municipio de Castrelo do Val, as parroquias de Campobeceros, Castrelo do Val, Gondulfes, Nocedo do Val, Pepín, Piornedo, Portacamba e Servoi.
- No municipio de Maceda, as parroquias da Costa, o Castro de Escuadro, Foncuberta, Santiso, Tioira, Viladecás.
- No municipio de Montederramo, as parroquias de Covas, Gabín, Marrubio, Montederramo e Nogueira.
- No municipio de Chandrexa de Queixa, ás parroquias de Cadeliña, Casteloais, Chandrexa, A Queixa, O Requeixo e San Cosme de Vilar.
- No municipio de Montederramo, ás parroquias dos Abeledos, Paredes, San Cosme de Montederramo.
- No municipio de Sarreaus, ás parroquias de Bremaus, Codosedo, Lodoselo, Nocelo da Pena, Paradiña e Sarreaus.
- No municipio de Cualedro, ás parroquias de Atás e Baldriz.

- No municipio de Vilariño de Conso, ás parroquias de Pradoalbar e San Mamede de Hedrada.
- No municipio de Trasmiras, á parroquia de Escornabois.
- No municipio de Vilar de Barrio, o parque eólico afecta á Alberguería, Arnúide, As Maus, Bóveda, Padreda, Prado, Rebordechou, Seiró e Vilar de Barrio.
- No municipio de Laza, a Alberguería, Camba, Carraxo, Cerdedelo, Laza, Matamá, O Castro de Laza, Retorta, Toro, Trez, e sobre todo Correchoso e Navallo
- No municipio de Monterrei, ás parroquias de Rebordondo e Vences.

A poboación afectada polo parque nunha entorna de 10 km serían 6.814 habitantes.

A Liña de Evacuación afecta tamén a:

- No municipio de Xunqueira de Espadanedo, ás parroquias de Os Pensos, Ramil e Xunqueira de Espadanedo.
- No municipio de Maceda, ás parroquias de A Costa, As Chás e Maceda.
- No municipio de Nogueira de Ramuín á parroquia de Cerreda.
- E no municipio de Montederramo á parroquia de As Chás.

No seu conxunto, estas parroquias supoñen un total de 3.175 habitantes. Así, a poboación nos termos municipais afectados polo proxecto do Parque Eólico Rebordechao ascende a un total de 9.989 habitantes de 72 parroquias, as cales pertencen a 14 municipios da provincia de Ourense.

Núcleos como Prado rondarán os 50,4 decibelios de contaminación acústica e Correchoso os 40 db (Lembremos que según investigación para ter un descanso óptimo non deberían pasarse os 30 db. Citamos aquí o artigo 45 da Constitución española ao respecto:

*A contaminación acústica tratada no informe de 2005 do Defensor do Pobo é a do ruído excesivo, considerado como unha agresión continuada á calidade da vida, un dos conceptos centrais do dereito ao ambiente adecuado que proclama*

*o artigo 45 da Constitución e principal obxectivo da poboación. Neste informe atribúese ao ruído insalubre e daniño molestias e enfermidades, e considéraseo como fonte frecuente de inxustiza, porque quen o produce non ten ningún dereito para produci-lo nin a beneficiarse á conta do padecimento dos demais.)*

## **9. Vulneración da Lei 7/2012, de 28 de xuño de montes de Galicia, Eliminación da multifuncionalidade do monte**

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España 16 baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego. Así os apoios da liña de evacuación, a maioría deles, prevense localizalos sobre explotacións forestais e madeireiras. Os apoios localízanse sobre vexetación que se corresponde con explotacións forestais e madeireiras formando un mosaico con cultivos forraxeiros que abastecen ás granxas familiares que hai nos núcleos rurais afectados, e que constitúen o medio de vida das familias que viven e residen neles.

## **10. Consideracións finais**

- **A ter en conta**
  - Que no ano 2007 a Xunta de Galicia proxecta converter o Macizo Central en parque natural para potenciar os espazos naturais e convertelos nun factor clave para o desenvolvemento económico. Este mesmo desenvolvemento que agora se nega a esta zona cunha



enorme riqueza ambiental, cultural, paisaxística e de biodiversidade. O parque eólico de Rebordechao vulnera os cimentos mesmos do progreso sostible e condena para sempre as persoas destas zonas a pobreza e ao posible abandono dos seus fogares. Condena da mesma maneira ás xeracións vindeiras a non ter futuro...Condena ao Macizo Central a desaparecer.

- Faltan estudos de posible impacto polos movementos sísmicos da zona poligonal afectada polos P:E no Macizo Central

### **SOLICITA:**

1. O rexeitamento do estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización administrativa previa do parque eólico Rebordechao, de 154 MW, situado nos termos municipais de Laza, Vilar de Barrio e Maceda (Ourense), e a súa infraestrutura de evacuación, situada nos termos municipais de Maceda, Montederramo, Xunqueira de Espadanedo e Nogueira de Ramuín (Ourense), con actuacións para accesos nos termos municipais de Cualedro, Monterrei, Verín, Castrelo do Val e Laza (Ourense). BOP Ourense nº. 183, de 11 de agosto de 2021. Código do proxecto: PEol-402, e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social.

Laza, 18 de setembro de 2021

Asdo.- \_\_\_\_\_